

**Programación do Centro de Estudos Galegos da Université Sorbonne Nouvelle Paris 3  
2016/2017**

**Director: Eric Beaumatin**  
**Lectora: Ánxela Lema París**

## Índice de contidos

<b>1. Actividade docente .....</b>	<b>3</b>
<b>1.1. Galicien 1 .....</b>	<b>3</b>
<b>1.2. Galicien 2 .....</b>	<b>4</b>
<b>1.3. Sexe et littérature: les études de genre dans l'espace galicien .....</b>	<b>5</b>
<b>2. Actividades de promoción e divulgación da lingua e cultura galegas .....</b>	<b>6</b>
<b>2.1. Conferencias.....</b>	<b>6</b>
2.1.1. Próximas datas .....	6
2.1.2. Eventos pasados .....	7
<b>2.2. Obradoiros .....</b>	<b>7</b>
2.2.1 Próximas datas .....	7
2.2.2. Eventos pasados .....	7
<b>2.3. Cinema .....</b>	<b>8</b>
<b>2.4. Participación en programas europeos.....</b>	<b>8</b>
<b>2.5. Fomento da lectura .....</b>	<b>8</b>
<b>3. Difusión de actividades. Colaboración con outros centros ou entidades .....</b>	<b>8</b>
<b>3.1. Curso de lingua e cultura galegas no Instituto Cervantes de París .....</b>	<b>8</b>
<b>3.2. Medios de difusión e actividades.....</b>	<b>9</b>
<b>4. Carteis para difusión .....</b>	<b>11</b>
<b>4.1. Carteis das actividades do segundo semestre .....</b>	<b>11</b>
<b>4.2. Carteis de actividades do primeiro semestre .....</b>	<b>14</b>

## **1. Actividade docente**

Actualmente, as materias ofertadas dentro do marco do lectorado en lingua, cultura e literatura galegas da Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3 son *Galicien 1*, *Galicien 2* e *Sexe et littérature: les études de genre dans l'espace galicien*, as cales pasarei a analizar con maior detalle nas epígrafes seguintes.

Trátase de materias semestrais dun total de 19,5 horas lectivas cada unha, divididas en sesións de unha hora e media. Porén, hai que sinalar que a materia de literatura apenas se oferta no segundo semestre de cada ano académico.

### **1.1. Galicien 1**

O obxectivo principal desta materia é introducir o alumnado ao contexto galego: a súa lingua e a súa cultura. Así, dedicamos as primeiras aulas a lingua e sociedade explicando as diferentes etapas que a lingua galega viviu, no referente ao seu recoñemento social e legal, para rematar cunha análise da situación actual. Especialmente nestas sesións creamos dinámicas de debate a partir de documentos audiovisuais que reflexionan sobre a importancia da conservación das linguas, sobre cal é a diferenza entre lingua minoritaria e lingua minorizada... Priorizamos, xa que logo, escoitar a opinión do alumnado perante toda a información que se lles está a ofrecer e que até o momento, na maior parte dos casos, descoñecían.

O resto do semestre está dedicado ao ensino da lingua desde cero mais cuxa evolución é rápida e dinámica posto que a maior parte do alumnado que recibimos procede das licenciaturas de español e/ou portugués e isto favorece notablemente a rápida asimilación dos contidos.

Canto ao número de persoas inscritas, no primeiro semestre do curso académico 2016/2017 esta materia contou con 18 persoas inscritas (das cales 14 eran mulleres e 4 homes); e, no segundo, con 4 (3 mulleres e 1 home).

Doutra banda, o sistema de avaliación escollido para esta materia divídese nas seguintes partes:

- Tarefa de expresión escrita (10%)
- Proba de comprensión oral (25%)
- Exposición oral (25%)
- Proba escrita final (40%)

Xa por último, e con respecto ao ano pasado, este ano decidimos dedicar máis tempo ás actividades de comprensión oral creando contidos adaptados ao nivel do grupo. Embora os manuais do CELGA nos resultan de guía indispensable e de grande axuda, o certo é, ás veces, non están pensados para un público estranxeiro que parte desde cero, polo que decidimos crear unha serie de fichas e actividades nivel A1-A2 que non teremos problema ningún en compartir ou difundir.

## **1.2. Galicien 2**

Nesta materia encontrámonos con alumnado que xa cursou un primeiro semestre de galego polo que o nivel, como resultará lóxico, é maior. Desta maneira, intentamos adentrarnos en temas e textos un pouco máis complexos a partir de documentos audiovisuais sobre temas de actualidade: cinema, literatura, sociedade...

Desta vez, por exemplo, decidimos dedicar a última parte do semestre á tradución ao francés dalgúns dos relatos breves pertencentes á obra *Vento ferido* (1967) da autoría do escritor Carlos Casares, a quen neste ano 2017 se lle decida o Día das Letras Galegas. Desta maneira, dedicaremos unha primeira sesión á lectura dos relatos da obra citada para que o alumnado escolla aquel que máis lle interese para a tradución e comezaremos a poñer en común os aspectos lingüísticos e/ou de estilo que supoñan dunha maior dificultade.

Unha segunda sesión terá como obxectivo meternos máis de cheo no universo de *Vento ferido* (1967) coa proxección da adaptación ao formato webserie da obra e que, de seguro, axudará moito a unha maior e mellor comprensión do traballo.

A terceira e última sesión será de portas abertas e consistirá na exposición do traballo realizado polo alumnado. Así, leranse as traducións e explicarase o proceso de

elaboración do traballo (dificultades, puntos en común co francés ou outras linguas que estudan...). Animaremos tamén a que a tradución dos relatos non conste unicamente do texto e que, de así desexalo, a acompañen doutras prácticas artísticas como a fotografía ou o debuxo coa finalidade de dixitalizar o resultado final e subilo á rede.

Finalmente, canto o número de persoas incritas contamos con 5 persoas (todas mulleres) tanto no primeiro semestre 2016/2017 como no segundo e, por último, canto ao sistema de avaliación, as porcentaxes repártense da seguinte maneira:

- Tarefa de expresión escrita (10%)
- Proba de comprensión oral (25%)
- Tradución e exposición (25%)
- Proba escrita final (40%)

### **1.3. Sexe et littérature: les études de genre dans l'espace galicien**

O obxectivo principal desta materia é dar a coñecer a relación entre mulleres e escrita no contexto da literatura galega e, sobre todo, a relación do seu corpo coa escrita e a linguaxe literaria. Con estas liñas temáticas presentes, o curso céntrase no boom da literatura de mulleres nos anos 80 e 90 onde estudamos a poetas como Xohana Torres, María Xosé Queizán, Pilar Pallarés ou Lupe Gómez. Así, as aulas dedícanse moi especialmente á lectura de textos e a posta en común das lecturas que cada alumna e alumno elabora mais sempre desde un punto de vista crítico e teórico. Esta última parte reforzámola con textos teóricos que axudan a poñer en contexto o proxecto poético das autoras desta década, fortemente influenciadas polas correntes de pensamento francesas da *écriture féminine* iniciadas por Hélène Cixous, así como con textos literarios que nos axudan a reflexionar sobre a figura autorial. A parte final do curso céntrase na revisión e (re)análise dos mesmos textos tratados ao comezo mais á luz de liñas de pensamento máis actuais como é a teoría *queer* coa finalidade de ofrecer outras ópticas coas que nos achegar á literatura galega.

Doutra banda, é preciso sinalar que esta materia é impartida en lingua francesa polo que os textos cos que traballamos son as traducións ao francés sempre

acompañados da súa versión orxinal en lingua galega e, por esta mesma razón, as primeiras aulas tamén se dedican a unha posta en contexto da lingua e da literatura galegas e as implicacións que no seu momento tiña ser muller e escribir en galego facendo referencia, claro está, á pioneira Rosalía de Castro.

O motivo polo que se decidiu impartir esta materia en francés foi o de querer chegar a un público o máis grande posible xa que, do contrario, non existiría un público mínimo coas nocións lingüísticas necesarias para cursar un curso de literatura galega feita en lingua galega. Por todo isto podemos dicir que este ano contamos cun total de 33 persoas matriculadas (das cales 29 son mulleres e 4 homes ). Así, o sistema de avaliación escollido para esta materia é a seguinte:

- Proba escrita: comentario de texto (25%)
- Exposición oral (25%)
- Proba escrita final (50%)

Xa por último, encontrámonos agora mesmo traballando nun pequeno proxecto audiovisual co alumnado desta materia que consistirá na reescritura dun poema de María Xosé Queizán lido e analizado durante o curso e que compartiremos nas redes unha vez finalizado.

## **2. Actividades de promoción e divulgación da lingua e cultura galegas**

### **2.1. Conferencias**

#### **2.1.1. Próximas datas**

O xoves 27 de abril a poeta e crítica literaria Alba Cib realizará unha ponencia como peche do semestre para o alumnado de Sexe et littérature. A súa intervención levará como título *Corpo(s) distintos na poesía galega dos 90*.

Alba Cid está licenciada en Filoloxía Galega, Portuguesa e Románica pola Universidade de Santiago de Compostela onde tamén realizou o mestrado en Estudos

Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura. Actualmente está a relizar a súa tese de doutoramento na mesma universidade é membro do consello de redacción de *Dorna*. No campo estritamente poético Alba Cib foi recoñecida con diversos galardóns como o Rosalía de Castro de Cornellá (2006, 2008), o Minerva (2007) ou o Xuventude Crea (2013).

O venres 28 de abril a doutora en química e fotógrafa Socorro Castro García realizará unha ponencia de divulgación científica para o alumnado de Galicien 1 na que nos falará dos seus campos de investigación e na que reflexionaremos sobre a presenza da lingua galega no ámbito científico.

### **2.1.2. Eventos pasados**

Con motivo do preestreo en París da última película de Ignacio Vilar convidamos ao director galego a un encontro co alumnado de galego no que nos explicou o proceso de traballo do seu último proxecto e no que se reflexionou e debateu sobre o estado do cinema galego actual. O coloquio tivo lugar o día 8 de novembro, logo da proxección no Cinema Majestic Passy de París a noite anterior.

Por outra banda, e como peche ao ano en que se lle dedicou o Día das Letras Galegas a Manuel María, tivemos a sorte de organizar un encontro e coloquio con Margarita Ledo Andión directora do *documental Manuel María: eu son fala e terra desta miña terra*.

## **2.2. Obradoiros**

### **2.2.1 Próximas datas**

Ver epígrafe 2.1. na que explicamos os diferentes obradoiros que dedicaremos á obra *Vento ferido* de Carlos Casares con motivo do Día das Letras Galegas 2017.

### **2.2.2. Eventos pasados**

O 5 de decembro Tania Merela Iglesias e Noelia Darriba do colectivo *As fiadeiras*, colectivo de traballo social con perspectiva de xénero, coordinaron un obradoiro

titulado *Machismos: de micro nada* título equivalente a obra que coordinaron no 2015 e no que participaron diferentes artistas e poetas galegas. No obradoiro realizouse un traballo de grupo que tiña como obxectivo a reflexión, debate e análise das desigualdades invisibles que sofren as mulleres a partir de experiencias persoais.

### **2.3. Cinema**

O vindeiro xoves 6 de abril realizaremos a proxección do documental *Fíos fóra* seguido dun coloquio por videochamada coas súas directoras no marco do curso gratuíto de lingua galega que levamos acabo no Instituto Cervantes de París mais que abriremos a todo o público interesado en asistir.

### **2.4. Participación en programas europeos**

A actual lectora de lingua, literatura e cultura galegas de París 3 viaxará á Universidade de Varsovia entre o 28 de maio e o 2 de xuño para traballar co Centro de Estudos Galego polaco no marco dun seminario dedicado a literatura galega e tradución arredor da obra da escritora galega María Reimóndez.

### **2.5. Fomento da lectura**

Como curiosidade podemos sinalar que varias das visitas que recibimos este ano decidieron doar a súa obra persoal á biblioteca de París 3 e que a continuación enumerados:

- *Machismos: de micro nada* (2015) libro coordinado polo colectivo de traballo social con perspectiva de xénero As fiadeiras.
- *Ouvre la lucarne* (2016) poemario bilingüe galego-francés de Diana Varela Puñal.
- *A cabeleira* (2016) poemario multilingüe de Claudio Rodríguez Fer.

## **3. Difusión de actividades. Colaboración con outros centros ou entidades**

### **3.1. Curso de lingua e cultura galegas no Instituto Cervantes de París**

Este curso gratuíto de lingua e cultura galegas forma parte dunha colaboración histórica entre a Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3 e o Instituto Cervantes de París coa finalidade de recibir á comunidade galega afincada en París. Os encontros teñen lugar de maneira semanal, nunha sesión de hora e media, nos que preparemos reportaxes de temas diversos: reportaxes de actualidade, acontecementos históricos... coa finalidade de achegarlles a vida e cultura galegas e manter debates coa lingua galega como ferramenta de traballo.


No marco deste curso, por exemplo, realizaremos a proxección do documental galego de actualidade *Fíos Fóra* ademais dun posterior coloquio vía skype coas súas directoras que tan amablemente aceptaron o convite.

### **3.2. Medios de difusión e actividades**

Os medios de difusión escollidos nestes dous últimos anos están a ser, sobre todo, o Facebook e o Twitter a través dos que informamos das nosas actividades como tamén de eventos galegos que se dan na cidade: concertos, exposicións... A través destas redes sociais conseguimos maior difusión para o labor realizado polo Centro de Estudos Galegos como foi, por exemplo, o video realizado con motivo do Día de Rosalía que acadou máis de oitocentas reproducións nas primeiras vinte e catro horas e que foi compartida en medios galegos dixitais como *Praza Pública*.

# 180 ANIVERSARIO ROSALÍA DE CASTRO

0:01 / 17:09



Analytics

Xestor de vídeos

## 180 aniversario Rosalía de Castro. Rosalía con acento francés



Ánxela Lema París

Configuración da canle

1.534 reproducións

+ Engadir a

Compartir

Máis




Publicado o 13 de feb. de 2017

Parte do alumnado de lingua e literatura galegas da Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3 celebrou o 180 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro facendo unha lectura do seu texto favorito rosaliano.

MOSTRAR MÁIS

Por David Lombao,  
Martes 14, Febreiro 2017

**VÍDEO | Así soa Rosalía de Castro en francés:** Alumnado do Centro de Estudos Galegos de París, na Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3, escolle e recita poemas da autora galega para conmemorar o seu 180º aniversario.



**265** Comparte isto

Actualmente estamos tamén a crear a canle de Youtube do CEGA coa que nos gustaría iniciar unha sección dedicada a pequenos videos que realizaremos a aquelas persoas do mundo da cultura galega que visitan París e que están interesadas en deixar unha mensaxe á comunidade galega asentada en París coa finalidade de crear un maior contacto entre Galicia e París.

#### 4. Carteis para difusión

##### 4.1. Carteis das actividades do segundo semestre



Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3  
13, rue de Santeuil - 75231 Paris Cedex

CENTRE D'ÉTUDES  
GALICIENNES DE PARIS

# Vento ferido

PROJECTION DU FILM

**6 ABRIL À 11H30**  
SALLE 218B

PROJECTION DU FILM

**7 ABRIL À 14H**  
SALLE 221

**Inspirada na obra de Carlos Casares**

[HTTP://VENTOFERIDO.WEBS.UVIGO.ES](http://VENTOFERIDO.WEBS.UVIGO.ES)



CARLOS CASARES EN FRANCÉS  
EXPOSICIÓN DAS TRADUCIÓNS  
REALIZADAS  
POLO ALUMNADO DE GALICIEN 2

SALLE 218B  
11h30  
20 ABRIL

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

XUNTA DE GALICIA

CENTRE D'ÉTUDES GALIENNES DE PARIS

UNIVERSITÉ SORBONNE NOUVELLE PARIS 1

## 4.2. Carteis de actividades do primeiro semestre

# EN GALICIEN, POURQUOI PAS?



## CURSO DE GALEGO GRATUÍTO

**A QUEN VAI DIRIXIDO?** A todos os públicos

**CANDO?** Os **LUNS** de **17h** a **18:30h**

**ONDE?** Instituto Cervantes de París. 7, Rue Quentin-Bauchart, 75008  
Paris

**QUEN IMPARTIRÁ O CURSO?** Ánxela Lema París, lectora de lingua,  
literatura e cultura galegas na Université Sorbonne Nouvelle-Paris3.

**+INFO:** [cegadeparis@gmail.com](mailto:cegadeparis@gmail.com) / [anxela.lema@gmail.com](mailto:anxela.lema@gmail.com)

**Colloque avec le réalisateur Ignacio Vilar autour de son dernier film *Sicixia***



Avant-première le lundi 7 novembre au Cinéma Majestic Passy à 20h30  
18, Rue de Passy - 75016 Paris  
Métro Passy, Muette

**Quand?** Mardi 8 novembre à 11h

**Où?** Salle Las Vergnas - Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3

**Synopsis** - Dans le cadre de son travail d'ingénieur du son, Xiao parcourt les coins les plus reculés de Galice. Il décline avec sa perche tous les sons à la portée de son micro : le vent dans les arbres, le bruit des vagues... mais également les témoignages de ses habitants. Bientôt, il rencontre Olalla, une jeune femme chargée de le guider pendant son séjour à la Costa da Morte. Au fur et à mesure que les jours passent, elle réveille en Xiao le goût pour la vie.

**Ignacio Vilar** (Petín, Galice). Ignacio Vilar fonde en 1991 la société Vía Láctea Filmes avec laquelle il produit de nombreux courts et longs métrages. Il est remarqué pour son travail dans des films documentaires, notamment *Polisóns* (1999). Depuis 1993, il travaille en tant que réalisateur, scénariste et producteur : *Pradolongo* (2008), *Vilamor* (2012) et *Aesmorga* (2014), qui restera 15 semaines à l'affiche et décrochera la première nomination au Prix Goya pour un film tourné en langue galicienne.



**CENTRE D'ÉTUDES GALIENNES DE PARIS**





## ENCONTRO CON MARGARITA LEDO

01/12/2016

Université Sorbonne-Nouvelle Paris 3

Salle 218B à 14h

Proxección do documental *Manuel María: Eu son fala e terra desta miña terra* seguido dun coloquio coa directora



**XUNTA  
DE GALICIA**

Centre d'études galiciennes de Paris





## **COLLOQUE-ATELIER AVEC LE GROUPE GALICIEN AS FIADEIRAS: *MACHISMOS, DE MICRO NADA***

Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3  
Bâtiment D- Salle D31 à 11h

Colloque-Atelier ayant comme objectif de travailler autour des (micro)machismes depuis une perspective plutôt pratique et qui nous aidera à mieux réfléchir et débattre sur des questions qui nous concernent à toutes et à tous.



Centre d'études galiciennes de Paris

